

PATENTES: QUE SON E COMO BUSCALAS

UNHA PATENTE É ...

Unha **patente** é un título de propiedade industrial que “protexe” a invención de maneira que unicamente o titular poderá explotala en exclusiva e durante un tempo determinado.

En España a concesión, os dereitos, as obrigas e os efectos das patentes están regulados pola Lei 24/2015, de 24 de xuño, de patentes. Ademais das patentes, existen outros títulos de propiedade industrial como os modelos de utilidade, os deseños industriais ou as marcas.

Como fonte de información de carácter técnico as patentes son un tipo de documento de grande interese xa que permiten coñecer os avances e o estado da técnica dos produtos e procesos patentados.

O **documento de patente** estrutúrase en catro partes principais:

1. Páxina de inicio: aporta os datos de identificación da patente mediante códigos numéricos (códigos INID)
 - 11 Número da publicación
 - 21 Número de solicitude
 - 22 Data da solicitude
 - 43 Data da publicación
 - 51 Clasificación Internacional de Patentes
 - 52 Clasificación Nacional de Patentes
 - 54 Título
 - 57 Resumo ou reivindicación
 - 71 Solicitante/s (“applicant”)
 - 72 Inventores/as (“inventor”)
 - 73 Cesionario/a ou titular
 - ...
2. Memoria descriptiva (“description”): basicamente inclúe explicación técnica da invención e utilidades/melloras que aporta, estado da técnica e descrición dos debuxos
3. Reivindicacións (“claims”): elementos polos que se solicita a protección
4. Debuxos

ONDE BUSCAR ...

Principais bases de datos

PATENTSCOPE: buscador da Organización Mundial da Propiedade Intelectual (WIPO)

Espacenet: buscador da Oficina Europea de Patentes (EPO) que dá acceso a patentes de todo o mundo

Latipat: base de datos que recolle patentes de España e América Latina

Invenes: buscador da Oficina Española de Patentes y Marcas. Inclúe dúas bases de datos Latipat e Interpat. Interpat, ademais das patentes españolas, inclúe modelos de utilidade

Outros recursos de interese

FreePatentsOnline: buscador de patentes principalmente americanas

Google Patent Search: acceso ás patentes da United States Patent e Trademark Office (USPTO), da European Patent Office (EPO), ademais de outras oficinas de patentes de todo o mundo. A opción **Busca avanzada** de patentes permite realizar consultas máis precisas.

Lens: Plataforma gratuita de busca de patentes que ademais descubre as relacións entre patentes e traballos académicos

Scopus: esta base de datos subscrita pola UDC recupera patentes das seguintes oficinas: WIPO, USPTO, EPO, IPO e JPO

COMO BUSCAR ...

...patentes sobre un tema

Ademais da busca por palabra clave a maioría das bases de datos específicas permiten facer uso dun instrumento de gran utilidade, as clasificacións de patentes. Existen varias clasificacións:

CIP (Clasificación Internacional de Patentes)/IPC (International Patent Classification): facilita a clasificación e recuperación dos documentos de patentes de xeito homoxéneo e a escala internacional. Xerarquicamente asigna eidos de coñecemento nos que encadrar cada unha das patentes. Nun primeiro nivel establece oito categorías principais chamadas seccións. Cada sección identifícase cun símbolo: unha letra maiúscula que vai do A até o H.

- A: necesidades correntes da vida
- B: técnicas industriais diversas; transportes
- C: química; metalurxia
- D: textiles; papel
- E: construcións fixas
- F: mecánica;iluminación;calefacción; armamento; voladura
- G: física
- H: electricidade

Pódese buscar por esta clasificación nas seguintes bases de datos:

PATENTSCOPE: [simple search](#)

Espacenet: [advanced search](#)

Latipat: [busca avanzada](#)

Interpat (Invenes): [busca avanzada](#)

FreePatentsOnline: [quick search](#)

Google Patent Search: [busca avanzada](#)

CPC (Cooperative Patente Classification): trátase dunha clasificación, administrada pola EPO e a USPTO (Oficina de Patentes e Marcas dos USA), máis exhaustiva que a IPC e que se estrutura en nove seccións (A-H e Y) que, como no caso da IPC, subdivídense en clases, subclases, grupos e subgrupos.

- A: necesidades correntes da vida
- B: técnicas industriais diversas; transportes
- C: química; metalurxia
- D: textiles; papel
- E: construcións fixas
- F: mecánica; iluminación; calefacción; armamento; voladura
- G: física
- H: electricidade
- Y: novos desenvolvementos tecnolóxicos; tecnoloxías transversais

Pódese buscar por esta clasificación nas seguintes bases de datos:

Espacenet: [advanced search](#) ; [classification search](#)

Latipat: [búsqueda de clasificación](#)

Google Patent Search: [busca avanzada](#)

...unha patente

Os campos máis útiles para buscar e recuperar unha patente concreta nunha base de datos son os seguintes:

- Nome de inventor/a
- Nome de solicitante (persoa, empresa ou organismo)
- Número de patente (de solicitude, de publicación, de prioridade)
- Familia de patente: conxunto de patentes similares solicitadas en diferentes países para un mesmo invento/proceso

...patentes na UDC

A través da **OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación)** da UDC pódese coñecer o Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da UDC e máis información sobre propiedade industrial e protección dos resultados de investigación.

Consultando o **Catálogo de investigación da UDC** ou a **Ficha do PDI da UDC** pódese consultar a relación de patentes rexistradas por cada grupo investigador ou por cda investigador/a

A UDC non ofrece o texto completo das patentes polo que para consultalo haberá que buscar nas bases de datos.